

PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLANO ESTRATÉXICO DELEGADA DO CONSELLO DE GOBERNO NA ÁREA DE I+D+i SOBRE AS EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS DE DEBATE AO CADRO DE MANDO

As propostas da Comisión sinálanse en cursiva

- Emendas ao obxectivo “Incrementar a investigación de calidade”:
 - Maniféstase a opinión de que o incremento do número de artigos en publicacións de prestixio é moi difícil de acadar nas áreas que están máis avanzadas neste aspecto, como a de Ciencias. En consecuencia, cabería esperar que os incrementos globais proveñan das áreas que teñen máis terreo por avanzar neste aspecto. A partir desta análise, suxírense as seguintes modificacións:
 - No indicador “Producción científica avaliada segundo o Baremo de P.C.”, fixar o “Incremento global dun 10% anual”, eliminando a referencia a ámbitos concretos.
Acéptase a emenda.
 - No “Número de artigos publicados en xornais de JCR”, circunscribir o “Incremento dun 10% anual” aos ámbitos xurídico - social, tecnolóxico e humanidades.
Proponse engadir “tendendo ao equilibrio entre ámbitos”.
- Emendas ao obxectivo “Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico”:
 - Poderíase incorporar como indicador o número de grupos ou proxectos interdisciplinares (nos que participan investigadores de máis dunha área de coñecemento), na procura dun incremento do 10% anual.
Acéptase a emenda, aínda que se considera que debería incorporarse no obxectivo “Fomentar a relación con outros grupos de investigación”.
 - Proponse incorporar a promoción da cultura emprendedora, e unha posibilidade é asociala ao obxectivo do Parque. En canto ao indicador, o resultado final buscado, o número de empresas creadas polos egresados, depende de moitas variables non controlables, polo que podería ser máis axeitado introducir algunha medición do proceso, como o número de participantes en xornadas de fomento da cultura emprendedora.
Proponse incorporar como indicador o número de empresas no viveiro da UDC, fixando como nivel a acadar “Duplicar o número en 2009”.
- Emendas ao obxectivo “Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI”:

- Deberíase engadir ao indicador “Elaboración do catálogo de necesidades de gran equipamento”, a elaboración do catálogo do equipamento dispoñible.
Acéptase a emenda.
- Emendas ao obxectivo “Mellora dos procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores”:
 - En relación ao indicador “Índice de satisfacción do PDI”, recolléronse dúas propostas excluíntes entre si:
 - Unha alternativa sería intentar acadar unha porcentaxe de PDI satisfeito nas enquisas.
 - A outra alternativa sería substituír as enquisas por outros métodos, como as comisións de usuarios, pois existe unha certa preocupación pola proliferación de enquisas.
Proponse a implantación dun buzón de suxestións e a contestación destas nun prazo máximo de dous meses dentro do curso 2006/07.
 - Suxírese engadir como indicador a dispoñibilidade dun manual de funcións antes de final de 2007.
Acéptase o indicador, aínda que suxírese como prazo o curso 2007/08.
- Emendas ao obxectivo “Transferencia dos resultados da investigación á sociedade”:
 - Suxírense modificacións ao nome do obxectivo: “Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional”.
Acéptase a emenda.
 - Nos indicadores “Volume de recursos externos captados”, “Número de convenios e contratos” e “Patentes concedidas e en explotación”, aconséllase analizar a posibilidade de revisar á alza a expectativa de incremento anual.
Suxírese unir os dous primeiros indicadores en “Volume de recursos captados mediante convenios e contratos” e acéptase fixar o incremento anual no 7%.
- Incorporación do obxectivo “Reforzar o papel da biblioteca universitaria para a integración no EEES”, cos seguintes indicadores asociados:
 - Adecuación da biblioteca universitaria como Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación: Definición do modelo e plano de actuación no curso 2007/08.
 - Executar as accións de mellora recollidas no Informe final de avaliación do Servizo de Biblioteca: Execución do 100% en 2009.
 - Número de postos multimedia en bibliotecas: Incremento dun 10% anual.
Acéptase incorporar o obxectivo cos indicadores primeiro e terceiro, aínda que se considera que é máis axeitado incluílo na área de Docencia.